


El Ideal Gallego

Reportaxe | Ventureira constrúe co obxectivo a súa propia cidade de rabuños corazóns

m.g.m. a coruña | 16 de Enero de 2019



A exposición poderá verse ata o 5 de febreiro | pepe ventureira

O fotógrafo Pepe Ventureira ofrece en “La Ciudad” unha trintena de sensacións que lle produce o territorio no que naceu

Leva máis de tres anos matizando un proxecto que tivo uns principios ben distintos. O fotógrafo Pepe Ventureira pensou primeiro en retratar a súa cidade aillando elementos, pero decatouse despois de que o mellor xeito de fotografar á que pasea a diario era integrando todo o que dá a vista. Sen eliminar nada do que aparece nas composicións porque “non se poden obviar”, sae a rodar “La ciudad”. Explica o artista que a técnica lle serviu tamén porque dentro do totum, fai desenfocos parciais que axudan a enfatizar certas partes e o acabado resulta ter un toque pictórico, como se empregase pinceis.

Conta o creador que o que se pode ver no Club Financiero son algo máis que instantáneas. Conforman sensacións que son as que lle producen a el o feito de pasar por eses lugares, “non quero mostrar un edificio como o Banco Pastor”, senón o que lle pasa por dentro cando transita polo asfalto que o viu nacer, o que lle provoca a rutina de pasear e repetir tantos paseos. Por iso, dentro das fotos,

conta que hai centos de historias metidas porque “igual que o escritor leva anécdotas persoais ás páxinas, eu fago o mesmo, que non ten que ser a do espectador”.

Neste tempo no que leva fabricando a súa propia “cidade”, Ventureira decidiu facer unha serie grande, que fose un fondo de armario, porque a idea é que a urbe siga medrando no futuro. De momento, ten catro ou cinco feitas, moitas delas sacadas nun ano enteiro dedicado ao tema. En total, garda dúas ou tres mil fotos, das que están tratadas e editadas unhas 300. Destas todas, elixiu 38 despois dun proceso de selección.

Todas son fillas, confesa, pero había que facelo e nesa criba de escoller unhas e apartar outras, tratou de quedarse coas que máis podían impactar nunha primeira achega do seu traballo. Conta que non houbo sufrimento porque “están aí para outra vez” e as que colgan hoxe nas paredes da entidade poñen en valor o proxecto, pero “non quere dicir que as 40 seguintes serán peores”.

As fotos teñen un aspecto de vello e antigo, mais non porque o autor busque unha estética. El quere vender un sentimento e dentro del, saen “arañazos e corazóns”, que se colan entre edificios. Ademais, mete suciedade que é outro recurso para explicar os estados de ánimo, “o tempo que pasa polas fotos”, rasguños que son recordos de traxedia ou de risa, pero en ningún caso a intención é a de facer fotos bonitas. A súa cidade ten tonalidades cálidas, coas que declara o amor que lle ten á Coruña. Aquí aparece a praza do Humor, o café Macondo, as Bárbaras ou a pomba de Picasso na praza de Pontevedra e todas teñen un conto.

A xente fai retroalimentación e cóntalle a el o que lle desportan e a emoción vai en círculo, da foto ao espectador e do espectador ao autor. Ata o 5 de febreiro.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección </articulo/cultura/reportaxe-ventureira-construe-co-obxectivo-sua-propia-cidade-rabunos-corazons/20190115223549394914.html>

© 2019 El Ideal gallego

opennemas | POWERED BY PENHOST